



Club de lectura de Galicia. Normas de funcionamento

O Club de lectura de Galicia é un servizo xestionado pola Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, dirixido a promover e facilitar o funcionamento de clubs de lectura nas bibliotecas públicas e outras institucións.

Este servizo proporciona apoio e coordinación aos profesionais responsables dos clubs e dótase dun fondo bibliográfico básico común, que se actualiza con continuas incorporacións e ponse a disposición dos clubs a través da Biblioteca de Galicia, que opera como biblioteca de préstamo centralizado.

Quen pode participar no Club de Lectura de Galicia

Poden participar no Club de Lectura de Galicia:

- As bibliotecas galegas.
- Os centros educativos de Galicia.
- As entidades asociativas ou fundacións con fin social ou cultural, para os seus centros en Galicia.

Como solicitar a participación no Club de Lectura de Galicia

Para participar neste servizo é preciso obter un carné de usuario de biblioteca para o club de lectura, cubrindo o [formulario de alta como club de lectura](#).

No caso de que unha mesma entidade teña varios clubs de lectura en funcionamento, deberá solicitar un carné para cada un deles.

Á solicitude deberá adxuntar unha declaración asinada pola persoa responsable da entidade solicitante, na que conste expresamente que se compromete a garantir a integridade dos fondos recibidos, a devolvelos en bo estado no prazo establecido e, en xeral, a cumprir as normas de funcionamento do Club de Lectura de Galicia.

Unha vez recibida a solicitude e o documento indicado, a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro comprobará os datos e procederá a dar de alta o carné, e comunicarllo á solicitante por correo electrónico.

Custos dos envíos e devolucíons

O Club de Lectura de Galicia enviará gratuitamente os lotes aos clubs de lectura, mentres que as entidades titulares destes, e/ou a administración da que dependan estas entidades, asumirán os gastos de devolución.



Solicitud de exemplares

O club que dispoña dun carné, ou a entidade titular del, poderá solicitar o préstamo de libros mediante o [formulario de solicitude de préstamo para clubs de lectura](#), no que deberá indicar:

- Nome do club de lectura para o que solicita o préstamo.
- Número do carné de usuario.
- Título solicitado. É recomendable que inclúa varias opcións, para o caso de que o solicitado en primeiro lugar non estea dispoñible nas datas desexadas.
- Número de exemplares que solicita.
- Data na que se desexa dar comezo ao préstamo.
- Enderezo a onde se enviarán os fondos.

De cada título poderán solicitarse un mínimo de 8 e un máximo de 21 exemplares. Antes de proceder á petición, a entidade interesada deberá comprobar no [Catálogo do Club de Lectura de Galicia](#) que o título solicitado non está prestado para as datas solicitadas.

As solicitudes deben facerse cunha antelación mínima de 5 días e máxima de 45 días naturais á data na que se desexe dar comezo ao préstamo.

A Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro confirmará por correo electrónico a dispoñibilidade do título para as datas solicitadas.

Cada club só poderá solicitar un título en préstamo por cada período de lectura. Porén, para facilitar a continuidade das lecturas, poderase iniciar un segundo préstamo sete días antes de que remate o anterior.

Préstamo

Con carácter xeral, o prazo de préstamo dos lotes é de 45 días. No caso dos libros de lectura fácil, o prazo de préstamo é de 90 días.

Este prazo comezará a contar desde o día sinalado na solicitude e rematará o día en que os fondos sexan recibidos de volta na Biblioteca de Galicia.

Os clubs de lectura que non cumpran co prazo de devolución serán sancionados sen a posibilidade de solicitar máis títulos en préstamo durante un período máximo de 3 meses. As sancións estableceranse en proporción aos días de atraso na devolución e ao número de exemplares prestados.



Calquera modificación na solicitude deberá comunicarse no prazo máximo de dez días desde a solicitude de préstamo. As renuncias ou cambios comunicados con posterioridade darán lugar á penalización prevista no parágrafo anterior.

Devolución dos libros prestados

A entidade titular do club de lectura é responsable de efectuar a devolución dos libros coa antelación suficiente para que se reciban na Biblioteca de Galicia antes da data na que remate o período de préstamo.

As obras empaquetaranse de forma adecuada para evitar o seu deterioro. A caixa levará, ben visible, a seguinte indicación: "Biblioteca de Galicia, Clubs de Lectura" e dirixirase ao seguinte enderezo:

Biblioteca de Galicia.

Cidade da Cultura. Monte Gaiás, s/n.

15702 Santiago de Compostela

Custos dos envíos e devolucións

O Club de Lectura de Galicia enviará gratuitamente os lotes aos clubs de lectura, mentres que as entidades titulares destes asumirán os gastos de devolución.

Obrigas dos clubs de lectura

Os clubs de lectura deberán cumprir a normativa do servizo e en particular as seguintes obrigas:

- Devolver as obras nos prazos sinalados.
- Manter a integridade do lote prestado. En caso de deterioro ou perda, o club deberá repoñelo ou abonar o importe correspondente.
- Manter actualizados os datos asociados ao carné.
- Facilitar calquera información requirida polo Club de Lectura de Galicia.

A entidade titular do club é a responsable de garantir o cumprimento destas obrigas.